

ciais sin que se presentasen reclamacións contra da mesma, en base ó disposto no art.17.4 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, publícase o texto definitivo do acordo:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E SOCIAIS, PRESTACIÓN DE SERVICIOS E ASISTENCIA A ACTOS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais aprobados polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese o prezo público por actividades formativas, que se rexirán pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2.—CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que serán satisfeitas polos usuarios que voluntariamente soliciten a realización de actividades formativas de carácter cultural e deportivo ou sociais, ou ben a prestación de servicios ou asistencia a espectáculos ou representacións de carácter cultural, deportivo ou social organizadas polo Concello do Grove, tales coma talleres, cursiños, seminarios, excursións e demais de natureza análoga, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas a entidade local.

ARTIGO 3.—OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago deste prezo público, os beneficiarios das actividades anteriores.

ARTIGO 4.—ESTABLECEMENTO E CONTÍA

O establecemento e contía do prezo público será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, dacordo ó establecido no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A estos efectos, con carácter previo ó inicio da actividade, a Xunta de Goberno Local, en base ó informe previo da Intervención Municipal acerca dos custos soportados polo Concello, establecerá as tarefas concretas de cada actividade, dacordo co artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Poderanse fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razón sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellan, ó perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido no artigo 44 da Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura.

Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios da Concello a efectos da súa publicidade.

ARTIGO 5.—NORMAS DE XESTIÓN

A obriga do pago deste prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade, esixírase o depósito previo do prezo dacordo co artigo 46.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O importe do prezo público farase efectivo nas contas indicadas pola Tesourería Municipal e sempre antes de iniciala actividade. Si por causas imputables a Administración Organizadora da actividade, o interesado deixara de realizar a actividade solicitada, procederase á devolución do depósito constituido.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor dende que se aprobe definitivamente en Pleno e se publique completamente o seu texto no BOP de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

O Grove, 26 de agosto de 2008.—O Alcalde, José Antonio Cacabelos Rico.

2008008907

* * *

CAMBADOS

E D I C T O

O Pleno do Concello de Cambados, en sesión celebrada o día 28.08.2008, aprobou con carácter provisional o expediente de Suplemento de crédito nº 1S/2008 con cargo a baixas por anulación.

De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, o expediente exponse ó público durante un prazo de 15 días hábiles contados a partires do seguinte á data de inserción do presente anuncio no B.O.P, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A devandita modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o período indicado non se presentan reclamacións. En